

VÍVE A TUA AVENTURA

DOS 18 AOS 30 ANOS

ACTIVIDADES | ACCIÓN DE VERÁN 2018



XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

www.ideno.es

VIVE A TUA AVENTURA

DOS 18 AOS 30 ANOS

ACTIVIDADES | ACCIÓN DE VERÁN 2018

INTRODUCCIÓN

A campaña de verán que a Consellería de Política Social pon en marcha para o ano **2018**, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, inclúe oportunidades de participación para todos aqueles mozos e mozas que teñades entre os 18 e os 30 anos (inclusive) mediante o programa **Conecta con Galicia**.



RESERVA DE PRAZAS

A reserva podédelas facer por teléfono, a partir do 26 de abril, nos servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social de Lugo e Ourense.

Unha vez que fagades a reserva da praza, teredes un prazo de 48 horas, que contará dende o día seguinte a aquel no que fixerades a reserva, para:

- Facer efectiva a cota de participación, segundo as instrucións que se comunicarán no momento de facer a reserva da praza.
- Presentar no servizo de Xuventude e Voluntariado correspondente, ou por correo electrónico ou no fax específico de cada actividade, a seguinte documentación:
 - Xustificante do pagamento da cota.
 - Fotocopia do DNI por ambas as dúas caras (unicamente se non autorizas esta consellería a consultar os teus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos, de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve).
 - Fotocopia do Carné xove, de ser o caso.

- Xustificante da condición de familia numerosa.
- Certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental.
- Ficha informativa cuberta.

De non presentardes a documentación no prazo de 48 horas, perderedes o dereito á praza.

PREZO

O prezo da actividade inclúe a estancia e a manutención. Non inclúe o desprazamento ata a instalación correspondente, que correrá pola vosa conta.

As persoas que posúades o **Carné xove teredes un desconto do 25%** sobre os prezos establecidos neste folleto. Para poder aplicar este desconto, debes ter o Carné xove vixente no momento de efectuar o pagamento.

Así mesmo, as persoas que posúades o título de **familia numerosa ou familias** que teñades o **certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental**, teredes un **desconto do 25%**.

Ambos os descontos non son acumulables.

DEVOLUCIÓN DE COTAS

Só se devolverá a cota de participación no caso de que se suspenda a actividade.



CONECTA CON GALICIA

Programa rotatorio de convivencia entre participantes galegos/as e da Galicia exterior, coa finalidade de lles dar a coñecer a realidade galega de xeito lúdico a través de experiencias nas que eles/as sexan os protagonistas.

ACTIVIDADES DA 1ª QUENDA

- **Cultura e camiño.** Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Lugo. Percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Camiño Francés), ata Compostela.
- **O mar de Galicia.** Coñecemento do medio mariño a través das actividades relacionadas co mar.

ALOXAMENTO


- **Días 1º ao 6º.: Campamento Xuvenil LUG II (Lugo)**
- **Días 7º ao 12º.: Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)**

CÓDIGOS	QUENDAS	COTA	CARNÉ XOVE/ FAMILIA NUMEROSA /FAMILIA MONOPARENTAL
271001	1-12 xullo	50 €	37,50 €

TELÉFONO: 982 294 923

FAX: 982 294 339

CORREO: xuventudelugo@xunta.es



ACTIVIDADES DA 2ª QUENDA

- **Cultura e camiño.** Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Ourense. Percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Vía da Prata ou Sanabrés), ata Compostela.
- **O mar de Galicia.** Coñecemento do medio mariño a través das actividades relacionadas co mar.

ALOXAMENTO

- **Días 1º ao 6º.: Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense)**
- **Días 7º ao 12º.: Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)**

CÓDIGOS	QUENDAS	COTA	CARNÉ XOVE/ FAMILIA NUMEROSA / FAMILIA MONOPARENTAL
321001	15-26/xullo	50 €	37,50 €

Tel.: 988 386 116 | 988 386 117 | 988 386 120

Fax: 988 386 119

Correo: servizo.xuventude.ourense@xunta.es



LUGO

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Rolda da Muralla, 70

27002 Lugo

Tel.: 982 294 923

Fax: 982 294 339

OURENSE

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Av. da Habana, 81, baixo

32004 Ourense

Tel.: 988 386 117 | 988 386 116 | 988 386 120

Fax: 988 386 119



**XUNTA
DE GALICIA**